


RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE FEBREIRO DE 2013 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A INSTRUCCIÓN QUE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Co obxecto de racionalizar a tramitación de expedientes e posibilitar o cumprimento do regulamento de prácticas académicas externas do alumnado, na súa modalidade de prácticas extracurriculares, da UVIGO, aprobado no Consello de Goberno de data 24 de maio de 2012, de conformidade co artigo 21 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

DISPOÑO:



1. Definición e características xerais

- a. Son prácticas externas extracurriculares aquelas que se realizan con carácter voluntario durante o periodo de formación e que, aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plano de estudos.
- b. A organización docente das prácticas extracurriculares farase no sistema ECTS, de cara ao seu reflexo nos expedientes académicos, no Suplemento Europeo ao Título, e en calquera outro documento acreditativo, e para facilitar o seu posible recoñecemento e/ou transferencia. Quedarán reflectidas no expediente académico da persoa que as realizou e, de selo caso, no Suplemento Europeo ao Título correspondente.
- c. A súa duración e horario estableceranse procurando garantir o correcto desenvolvemento e seguimento polo alumnado do resto da súa actividade académica. Terán preferentemente unha duración non superior ao 50% do curso académico.
- d. Os dereitos e obrigas de alumnos/as, titores/as, Universidade de Vigo e entidades, serán os establecidos no Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios.
- e. O alumnado que realice prácticas externas extracurriculares disporá dun titor académico que formará parte do profesorado da Universidade de Vigo, preferentemente da mesma titulación que o/a estudante ou, en todo caso, da mesma Rama de Coñecemento das ensinanzas para as que estea dirixida.
- f. Cada centro nomeará un/unha responsable de prácticas externas que se encargará de asignar as titorías ao alumnado que realice prácticas externas

